

DEPARTAMENTO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL

Probas libres de obtención do título de bacharelato para maiores de 20 anos en Galicia 2019

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou a **Proba para a obtención do Título de Bacharel para maiores de vinte anos no ano 2019**, nas modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais.

- **RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a proba para a obtención do título de bacharel para maiores de vinte anos e se ditan instrucións para a súa realización. (DOG 30/01/2019)**



REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- a) Ser maior de 20 anos ou cumprir esa idade no ano 2019.
- b) Non estar en posesión do título de bacharel ou de calquera outro título declarado equivalente para os efectos académicos.
- c) Non estar a cursar ensinanzas de bacharelato en ningunha das súas modalidades ou réximes nin ter estado matriculado nesas ensinanzas no curso escolar 2018/19.

As persoas aspirantes poderán matricularse dos dous exercicios que integran a proba ou dun deles.

Poderanse matricular tamén na proba, para realizar o exercicio correspondente ás materias de Lingua Galega e Literatura I e II e ás materias xerais do bloque de materias troncais, as persoas aspirantes que teñan superadas as materias xerais e as materias troncais de opción propias da **modalidade de Artes**.

PRAZO E LUGAR DE INSCRIPCIÓN

O prazo para realizar a inscrición nestas probas será **entre o 25 de febreiro e o 11 de marzo de 2019.**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Centros
Integrados
Formación Profesional

CIFP Ánxel Casal – Monte Alto
Paseo Marítimo 47; 15002 - A Coruña
Tfno 881960122
cifp.anxel.casal@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/cifpanxelcasal



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O Fondo Social Europeo en Galia"

As solicitudes deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou en soporte papel segundo o formulario oficial (**anexo I**), nos seguintes centros:

- Centro EPA Eduardo Pondal, rúa da Educación, 3-2º andar, 15003 A Coruña.
- IES San Clemente, rúa San Clemente s/n, 15705 Santiago de Compostela.
- Centro EPA Albeiros, parque da Milagrosa s/n, 27003 Lugo.
- Centro EPA de Ourense, rúa Álvarez de Sotomayor 4, 32002 Ourense.
- Centro EPA Río Lérez, avenida de Bos Aires 26, 36002 Pontevedra.
- Centro EPA Berbés, rúa Marqués de Valterra 8-1º, 36202 Vigo

DOCUMENTACIÓN PARA INSCRIPCIÓN

- **Formulario de solicitude (anexo I).**
- Certificación do ditame de discapacidade no caso de que se solicite o recoñecemento de necesidades especiais, cando esta fose recoñecida por outra Administración distinta da Xunta de Galicia ou non se autorice a súa consulta.
- Certificado de residencia, se a persoa solicitante procede doutra comunidade autónoma, no caso de solicitar a exención das materias de Lingua Galega e Literatura I e II.
- Se procede, certificacións académicas ou copia compulsada do libro de escolaridade e/ou historial académico, onde se acredite ter superado materias para validar algún exercicio.

DATA DAS PROBAS:

As probas terán lugar o día **26 de abril de 2019**, en sesión de mañá e tarde, no **IES SAN CLEMENTE** de Santiago de Compostela.

HORARIOS E MATERIAIS A USAR NA PROBA: **Ver resolución.**

FONTE: Web da Consellería de Educación
www.edu.xunta.es